



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 23 DE XULLO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e tres de xullo de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 4 e 10 de xullo de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

PUNTO 2.- ACORDOS

Vista a Orde de 9 de xullo de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración cos entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA aprobar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a súa contratación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta do Departamento de Cultura para a venda dos catálogos da exposición "Lugar" de Jorge Barbi por un prezo de 7,5 euros/unidade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Considerando que a Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2014 acordou solicitar unha subvención á Deputación de Pontevedra para a realización do II Campus Multideporte ó abeiro do Programa de Acción Municipal, e considerando que a Deputación Provincial de Pontevedra concedeu para esta actividade unha subvención de 1000 euros e que ésta non se celebrou pola escaseza de inscricións

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, vista a proposta da técnico da OMIX da Guarda, ACORDA cambiar a actividade para a que foi concedida a subvención de tal xeito que se destinará á actividade "Deporte e Ocio na Guarda".

Dase conta do escrito RE 4.301 de data 22 de xullo de 2014, presentado por D. JORGE GONZÁLEZ CARRERO E D. MIGUEL GONZÁLEZ LOMBA, actuando en representación das bandas mariñeiras que participan nas Festas do Monte, solicitando permiso e un palco o día 7 de agosto con motivo dun evento cultural que consiste na grabación dos diferentes sons das bandas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo ó responsable do departamento de servizos e á Policía Local.

Lese o escrito RE 4.299 de data 22 de xullo de 2014, presentado por A VELHA NA HORTA, con enderezo a efectos de notificación na rúa Diego Antonio González, nº 16 da Guarda, solicitando o préstamo do palco municipal e a súa colocación no Parque do Cancelón (O Montño) os días 6 e 7 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo ó responsable do departamento de servizos e á Policía Local.

Lese o escrito RE 4.192 de data 15 de xullo de 2014, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, actuando en representación de Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile y Discotecas de Galicia, con domicilio social na rúa Mendez Núñez, nº 27 de Cangas de Morrazo (CP 36940), solicitando que se investigue e se incoen procedementos sancionadores contra os establecementos que realizan actividades nos seus locais non amparadas pola licenza de apertura ou fóra do horario establecido polas mesmas.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do XXIII Concurso de Figuras de Area que se celebrará o 27 de xullo de 2014 na praia do Muiño, no Concello da Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vistas as Bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra 2014, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha axuda ó abeiro destas axudas por importe de 7.500,00 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da relación de matrículas da Escola Infantil Municipal do curso 2014 - 2015 que ascende a un total de 300 euros.

Lese o escrito RE 4.194 de data 15 de xullo de 2014, presentado por D. ENRIQUE VICENTE GONZÁLEZ, actuando en representación da ASOCIACIÓN FRIENDS MUSIC, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Mariano Ordóñez, nº 9 da Guarda, solicitando autorización para a celebración dunha festa no parque do Cancelón o vindeiro día 9 de agosto de 2014. Solicitan tamén un punto de luz.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sempre que presente un seguro de responsabilidade civil.

PUNTO 3.- URBANISMO

Vista a solicitude de licenza municipal para a instalación de portal de corredeira na rúa 3ª Transv. Cruz, nº 24 incoada por D. José Manuel Renda Alvarez (RE nº 4.908 de 11.09.2013),

Visto o informe proposta subscrito polo asesor xurídico municipal con data 26.02.2014 no que indicaba que era necesario requerirle que especificase mediante plano topográfico o lugar exacto no que se vai realizar a obra, e

Visto que se fixo ese requerimento con data 3 de marzo de 2014 (RS nº 507) advertíndolle que se lle tería por desistido da súa petición se non aportaba a documentación requirida no prazo de 15 días, e

Visto que transcurriu dito o prazo sen que polo interesado se presentara a documentación requirida

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA ter por desistido da súa petición a D. José Manuel Renda Alvarez e archivar o expediente de instalación de portal de corredeira na rúa 3ª Transv. Cruz, nº 24.

Sendo as trece horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.